

ENCONTROS MONOGRÁFICOS CO PATRIMONIO CULTURAL A AMPLIACIÓN DO MUSEO DAS PEREGRINACIÓNS E DE SANTIAGO E A INSTALACIÓN DA EXPOSICIÓN PERMANENTE NA NOVA SEDE DA PRAZA DAS PRATERÍAS

CONSELLO DA CULTURA GALEGA
SANTIAGO DE COMPOSTELA
8 DE ABRIL DE 2016



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

Este é o cuarto encontro dunha actividade organizada pola Sección de Patrimonio e Bens Culturais do Consello da Cultura Galega, os Encontros monográficos co Patrimonio cultural, coa que se pretende dar difusión a proxectos relacionados co patrimonio cultural que se estean desenvolvendo en Galicia e que poidan ser de interese polo seu alcance, resultados, singularidade, repercusión pública ou pola entidade patrimonial dos elementos sobre os que se focalicen os proxectos. O obxectivo da actividade é tamén o debate sobre eles, que dea lugar unha actividade participativa.

Neste encontro sobre o patrimonio cultural preténdese ofrecer unha visión do proceso técnico seguido para concluír na montaxe da exposición permanente do Museo das Peregrinacións e de Santiago na súa nova sede da praza das Praterías. Constará dunha parte teórica que, partindo da detección das necesidades de dispoñer de novos espazos para poder desenvolver axeitadamente as funcións do museo, concluirá na execución do proxecto de montaxe, pasando pola elaboración do discurso museolóxico e o deseño dunha linguaxe expositiva. Farase referencia ás directrices seguidas no proceso de definición do novo museo e tamén da nova exposición permanente, que figuran recollidas no Plan Museolóxico e nos distintos programas e proxectos que o desenvolven.

Como demostración práctica, está prevista a realización dunha visita comentada ás novas instalacións para analizar aspectos tratados na parte teórica, onde se pode apreciar in situ a adaptación da museografía aos espazos arquitectónicos, o aproveitamento de distintos recursos para favorecer a difusión dos contidos, a accesibilidade dos distintos públicos, etc., e concluirase cun debate sobre a experiencia.

17:00 horas

Presentación

Rebeca Blanco-Rotea

Arqueóloga e membro da Sección de Patrimonio e Bens Culturais do CCG

Iago Seara

Coordinador da Sección de Patrimonio e Bens Culturais do CCG

María del Carmen Martínez Ínsua

Directora xeral do Patrimonio Cultural. Xunta de Galicia

17:15 horas

Museo das Peregrinacións e de Santiago. A nova museografía. Sede das Praterías

Bieito Pérez Outeiriño

Director do Museo das Peregrinacións e de Santiago

18:15 horas

Visita guiada ao Museo das Peregrinacións e de Santiago

ORGANIZA:

CONSELLO DA CULTURA GALEGA. SECCIÓN DE PATRIMONIO E BENS CULTURAI

COORDINACIÓN:

Iago Seara Morales
Rebeca Blanco Rotea

LUGAR DE REALIZACIÓN:

CONSELLO DA CULTURA GALEGA
Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 957 202 / Fax 981 957 205
difusion@consellodacultura.gal
www.consellodacultura.gal

INSCRICIÓN:

A inscrición é gratuíta.
O número de prazas é limitado (100 persoas).
As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.
Entregarase diploma acreditativo de asistencia á xornada.
Para obter o diploma é preciso asistir ao 75% das sesións.

MÁIS INFORMACIÓN:

www.consellodacultura.gal
difusion@consellodacultura.gal
Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal>



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 957 202 / Fax 981 957 205